

**Obxectivos desta unidade**

- Saudar a alguén e responderlle ao saúdo
- Presentarse un e presentar outra persoa
- Manter unha conversa (tamén por teléfono)

**1**

## Ola, eu son Estevo, e ti?

**Coñecemento do código**

- O artigo determinado
- As formas do pronome persoal
- O presente de indicativo de SER e CHAMARSE
- Os números do 1 ao 20
- O alfabeto. Grafías estranxeiras





## ACTIVIDADE INTRODUTORIA



1. Escoita os diálogos e fixate en como saúdan estas persoas.

Agora, por parellas, atrevédesvos a lelos?



—Ei! Que hai, Ana?

—Ola! Pois moi ben. E ti a que andas?

—Pois nada, por aquí.

—Temos que quedar un día.

—Non hai fallo! Vémonos.

—Vale, deica!

—Bos días compañera!

—Home, compadre!

Como che vai, oh?

—Non me queixo, e tí?

—Ben, ben. Por aquí seguimos...

—Pois nada, adeus.

—Veña, ata pronto.

—Boa tarde, señora.

—Boa tarde.

—Que tal todo, ben?

—Moi ben, grazas.

—Non hai de que, un pracer.

Ata a próxima.

—Grazas, que vaia ben.



—Ola, boas noites.

—Boas, que hai?

—Ben, imos tirando...

—Veña, ata logo.

—Abur.

—Ola, meu rei.

—Ola, avoa.

—Que tal hoxe?

—Non moi ben!

—Ai, ai, ai...

Cando queremos marcar que estamos de acordo co que di a persoa coa que mantemos unha conversa, podemos utilizar estas expresións:

**DE ACORDO BEN VEÑA  
VALE CLARO**


**2. Neste cadro aparecen algunas formas para saudar e para despedirse.**

Intenta completalo coas estruturas que aparecen nos diálogos da actividade anterior:

Saudar	Responder ao saúdo	Despedirse
bo día, .....	boas tardes	.....
boa noite, .....		.....
	ola	ata loguiño
como vai?	ben, grazas; moi ben, grazas	ata despois
como andas?	graciñas	.....
que tal estás?	vou indo; imos indo	ata más ver
que tal andas?	máis ou menos	ata outra
	así, así	deica logo
	xa ves	.....
	coma sempre	aburiño
	mal	.....
	regular	.....



**3. Escoita as audicións e intenta relationalas con estas imaxes.**




**4. Xa coñeces os compañeiros e compañeiras da clase?**

Facede unha rolda de presentacións. Velaquí tedes algún exemplo:

- Como te chamas?
- Eu chámome Xosé / Eu son María.
- Cal é o teu nome?
- O meu nome é Xosé.
- Ela é María. El chámase Xosé.


**GRAMÁTICA E LÉXICO: PRÁCTICAS GUIADAS**

5. Entre toda a clase intentade relacionar os conceptos da listaxe coas imaxes de Galicia que vos presentamos.



1. Os areais
2. O hórreo
3. As bateas
4. O marisco
5. As rías
6. O futbolín
7. As casas
8. O licor café
9. As árbores
10. A literatura
11. Os instrumentos
12. As cerámicas
13. A montaña
14. A choiva
15. A pedra
16. A pintura
17. A xente
18. As vacas
19. As feiras
20. A arquitectura



**6. Dos vinte conceptos anteriores, escribe os dez que escouites.**

Sinala ao seu carón o número en letra, segundo a orde na que se digan.

- |                  |           |
|------------------|-----------|
| 1. O hórreo (un) | 6. .....  |
| 2. .....         | 7. .....  |
| 3. .....         | 8. .....  |
| 4. .....         | 9. .....  |
| 5. .....         | 10. ..... |



**7. Fai unha lista con cousas que xa coñecías de Galicia.**

**Compáraa coa dos teus compañeiros e compañeiras.**

This image shows a template for handwriting practice. It consists of two vertical columns of horizontal dotted lines. The left column has two grey circular markers near the top edge. The right column has one grey circular marker near the top edge. The dotted lines are evenly spaced and extend across the width of each column.

#### **8. Completa este cadro cos artigos que faltan.**

Artigo determinado		
En galego non hai neutro.	..... mesa (feminino, singular)	..... libro (masculino, singular)
Todos os nomes son masculinos ou femininos.	..... cadeiras (feminino, plural)	..... cadernos (masculino, plural)



## FONÉTICA E ORTOGRAFÍA

## 9. O ALFABETO



A. Fíxate nos diferentes sons da lingua galega e repite as palabras do seguinte recadro.

grafía	nome	Pronuncia	Palabra exemplo
a	a	[a]	casa
b	be	[b]	bolígrafo
c	ce	[k], [θ] (ou [s])	caderno
d	de	[d]	dedo
e	e	[e] ou [ɛ]	selo
f	efe	[f]	folla
g	gue	[g] (ou [h])	auga
h	hache	(cero)	hospital
i	i	[i]	inxeción
l	ele	[l]	lingua
m	eme	[m]	margarida
n	ene	[n]	neno
ñ	eñe	[ŋ]	niño
o	o	[o] ou [ɔ]	onda
p	pe	[p]	papeleira
q	que	[k]	Qatar
r	erre	[r] ou [ɾ]	revista
s	ese	[s]	sinal
t	te	[t]	teléfono
u	u	[u]	unlla
v	uve	[b]	vasoira
x	xe	[ʃ], [ks]	xabón
z	zeta	[θ] (ou [s])	zapato



B. Pero no galego tamén se utilizan palabras prestadas doutros idiomas. Deseguido tes os signos que poden aparecer. Escoita as palabras e repite.



j iota [dʒ]  
jóckey

ç cedilla [s]  
Valença do Minho

k ka [k]  
bikini

w uve dobre [w]  
sándwich

y i grego [i]  
spray

C. Despois de observares a táboa, volve ler as palabras que che presentamos arriba como exemplos e soletréasas.



## 10. Escoita esta conversa telefónica e completa o diálogo.



—Diga?

—.....

—Boas tardes.

—.....

—Si, un momentiño. Agora se pon.

—Si?

—Roberto?

—Sí?

—.....

—Que Eva?

—A profe do curso de galego.

—Ah! Ola Eva,.....?

—Ben. Chamo para avisar de que mañá non temos clase.

—..... Moitas grazas.

—Nada.....

—.....

**Ao teléfono**

Cando collemos o teléfono, debemos dicir:

Diga?

Sí?

Se quen chama quere falar con outra persoa, respondemos:

Pásolo/a agora.

Espera un segundo, agora se pon.

Un momentiño, vouno/a avisar.

Non está.

Cando somos nós os que chamamos por teléfono, debemos responder:

Identifícanos:

Ola/Bos días, son Cristina.

Preguntando pola persoa coa que desexamos falar:

Está Miguel?

Se queremos falar cunha persoa en concreto e non sabemos quién contesta a chamada preguntamos:

Podería falar con Andrea, por favor?

Quería falar con Natalia.

Está Xulio?



**11. Axudáñovos do aprendido nesta unidade, intentade elaborar en grupos de dúas ou tres persoas diálogos en que se dean as seguintes situacóns:**

- Presentarlle a túa parella a alguén.
- Conversa telefónica cun amigo.
- Encontro na rúa cun compañeiro ou compañeira da clase de galego.

**12. Tes que elaborar un anuncio para colgar nunha páxina web.**

**Complétao empregando frases onde indiques o teu nome, apelidos, número de teléfono e enderezo electrónico.**

Escolle un dos propostos:

Busco alguén para practicar galego  
as fins de semana.

.....  
.....  
.....  
.....

Son nova na cidade e preciso  
compañeiro/a de piso.

.....  
.....  
.....  
.....

Gustaría me facer unha viaxe polas Rías Baixas.

.....  
.....  
.....

Alguén se anima?

**13. Despois do visto ata o de agora, saberías completar este cadro cos presentes de SER e CHAMARSE?**

**Ser**  
(presente de indicativo)

- Eu son .....
- Ti .....
- El/ela é .....
- Nós .....
- Vós .....
- Eles/elas .....

**Chamarse**  
(presente de indicativo)

- Eu chámome .....
- Ti chámaste .....
- El/ela chámase .....
- Nós .....
- Vós .....
- Eles/elas .....



## EN GALICIA PODES VER...

**A praia das Catedrais:** a forza do mar traballou as rochas formando arcos e covas de extraordinaria beleza. Para poder gozar deste marabilloso monumento natural na Mariña de Lugo, ten que estar a marea baixa.

**O parque natural do Invernadoiro:** este espazo natural está no sueste de Ourense. Aquí contrastan as altas montañas cos profundos vales, nevados no inverno e de moitas cores o resto do ano. A fauna, a flora ou as fervenzas mestúranse coa impresionante paisaxe.

**A muralla de Lugo:** este monumento romano foi declarado Patrimonio da Humanidade pola Unesco. Máis de dous quilómetros de muralla rodean a zona vella da cidade e dez portas comunican coa parte nova.

**O castro de Santa Tegra:** os castros son construcións relacionadas cos celtas, antigos habitantes de Galicia. Son aldeas pechadas por muros circulares ou ovais e con casas coa mesma forma. O de Santa Tegra, no sur de Pontevedra, foi un dos primeiros descubertos en Galicia e un dos máis importantes.

**As fragas do Eume:** este parque natural é o maior bosque atlántico de Europa. A súa paisaxe esténdese polas dúas marxes do río Eume. Os amantes da natureza teñen unha cita obligada no nordeste coruñés.


**A catedral de Santiago de Compostela:** dende hai moitos séculos, persoas de todo o mundo peregrinan a este santuario para visitar a tumba do Apóstolo Santiago.

## CONTIDO SOCIOCULTURAL

**14. Xa coñeces Galicia? Es capaz de relacionar cada imaxe co seu nome? Acheagámosche unha breve descripción que che pode ser de axuda nesta tarefa.**

**As Illas Cíes:** forman parte do Parque Nacional das Illas Atlánticas situado na ría de Vigo. Unha das mellores praias do mundo está neste paraíso natural: a praia de Rodas.

**Os canóns do Sil:** o río Sil transcorre entre paredes de 500 metros de profundidade que el mesmo creou nas montañas. Pero a man do ser humano tamén axudou a transformar a paisaxe co cultivo manual das viñas nas pendentes das montañas. Unha viaxe en barco permite observar este impresionante lugar do norte ourensán.



# CADERNO DE BITÁCORA

QUE APRENDÍN | QUE TEÑO QUE REPASAR | QUE SEI FACER EN GALEGO NAS CATRO HABILIDADES

## Comprender

Falar

Ler

## Escribir

## Que aprendín:

## Que teño que repasar:

**Que sei facer en galego nas catro habilidades:**

**Comprender:**

## Falar:

Ler:

## Escribir: